



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

### ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto no artigo 20.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola realización de celebración de matrimonios civís en dependencias municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

### ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada; entendéndose que se produce a prestación do servizo cando se celebra o matrimonio civil, ante o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

2.- Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gobernativo previo ao matrimonio civil nin a posterior expedición do Libro de Familia.

### ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son os suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que solicitan este servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente ó seu pagamento, por si mesmos ou ben polos seus representantes.

### ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA

As cantidades que se fixan por cada casamento son as seguintes:

- Para o caso de que ambos contraentes ou un deles, sexa nado en Meaño ou consten inscritos no Padrón municipal de habitantes deste Concello desde, como mínimo, un ano antes á data de presentación da solicitude: 80,00 euros.
- Nos demais casos: 120,00 euros.

### ARTIGO 5.- DEVENGO

1.-A obligación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se solicita a prestación deste servizo.

2.- A tal efecto os solicitantes do servizo deberán presentar a correspondente solicitude no impreso habilitado ó efecto polo Concello.

### ARTIGO 6.- INGRESO

1.- As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no intre de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

2.- No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da ceremonia, os solicitantes desistisen do servicio solicitado, procederase á devolución do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

## ARTIGO 7.- INFRACCIÓN S E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o relativo ás infraccións tributarias desta ordenanza e á súa cualificación, así como ás sancións que procedan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e a restante normativa de aplicación.

## ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Sen prexuízo da manifestación da vontade dos contraentes e de que o mesmo sexa previamente autorizado polo Xulgado correspondente—segundo a normativa do Rexistro Civil—, para que o enlace sexa autorizado polo alcalde ou concelleiro en que delegue, deberase formula-la **solicitud** na que conste o nome, apelidos e DNI de cada contraente, así como o seu lugar de residencia e teléfono de contacto e/ou correo electrónico. Tamén deberá constar a data e hora elixida para a ceremonia, así como, a elección do alcalde/sa ou concelleiro/a que celebrará o enlace, que se terán en conta dentro da disponibilidade existente.

2.- Esta solicitud presentarase no Rexistro Xeral do Concello, cunha antelación mínima de 15 días ao da celebración do enlace, mediante escrito asinado por un dos contraentes, ou polo seu representante, dirixido ó alcalde e acompañado dos seguintes documentos:

- No caso da letra a) do artigo 4, a correspondente certificación de empadroamento.
- En todo caso, o xustificante do ingreso da taxa.
- Fotocopia do DNI das dúas persoas que vaian a exercer de testemuñas do matrimonio.

## ARTIGO 9.- RESOLUCIÓN

O/A alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue resolverán sobre a solicitud, fixando a data e hora de celebración do matrimonio civil e notificaranlo aos interesados/as.

## ARTIGO 10.- ACTO DE CELEBRACIÓN

No acto de celebración do matrimonio, unha vez cumplimentadas as formalidades previstas na normativa vixente, estenderase, por duplicado exemplar, testemuña da celebración de matrimonio civil asinada polo/a alcalde/alcaldesa e acta de celebración de matrimonio civil que deberá ser asinada polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a autorizante, así como polos contraentes e testemuñas. Un dos exemplares entregaranse aos contraentes. Outro remitirase con carácter inmediato ao Xulgado de Paz de Meaño coa finalidade de que se inscriba o matrimonio no Rexistro Civil e se faga entrega aos casados do Libro de Familia. O terceiro exemplar quedará no Libro de Actas de Casamentos en poder do Concello.

## ARTIGO 11.- ORNAMENTO E LIMPEZA



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@terra.es](mailto:concellodemeano@terra.es) • Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)


1.- Cando o desexen, os/as contraentes poderán ornamentar e acondicionar o Salón de Actos ou a Sala de Xuntas da Casa do Concello, sendo do seu cargo os gastos que de elo se deriven. Deberán comunicalo coa debida antelación para resolver o que proceda.

2.- Co fin de garantir a limpeza e decoro da Casa do Concello, os/as contraentes e convidados/as, ao enlace absteranse de lanzar arroz ou similares no interior do edificio.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data \*\*\*\*\*\*, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir do día 01-01-2014, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meaño, 9 de outubro de 2013  
A alcaldesa



Asdo. M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela

